

55

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

8 ou máis participantes
15 minutos

Manualidades

Grupo. Coñecemento

ETIQUETAS CREATIVAS

MATERIAIS

Cartolina, rotuladores, lapis, cola, tesoiras, revistas, xornais e cinta adhesiva. Tamén poden empregarse elementos da natureza: follas de árbores, flores...

ESPAZO

Espazo para sentar e pintar.

DESCRIPCIÓN

Utilizando diversos materiais cada participante constrúe un carteliño o máis bonito que poida, no que se deixa espazo para poñer posteriormente un nome.

Logo de que os carteliños foron creados, o educador ou educadora recólleos e distribúeos aleatoriamente, asegurándose de que ninguén recibe o mesmo que creou.

Cada persoa escribe o seu nome no carteliño que recibiu.

Logo, en roda, cadaquén preséntase e intenta adiviñar quen foi a persoa que creou o carteliño que ten entre mans e explica por que pensa que foi esa persoa.

Posteriormente é a persoa que creara o carteliño quen se presenta e intenta adiviñar.

E así sucesivamente.

